



## **BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA**

1. A organización do Concurso de Fotografía corresponde á **Casa da Mocidade** do Concello de Allariz con dirección en Rúa da Liberdade, 32660 Allariz.
2. **Prazo de presentación.** A data límite para enviar as fotografías é o 30 de Abril ás 23:59h. Non se aceptarán fotografías despois desta data.
3. **Participación.** O concurso está aberto a calquera persoa, residente en Allariz ou visitante, que desexe participar. Cada participante pode enviar un máximo de dúas fotografías.
4. **Equipo.** As fotografías poden ser capturadas con calquera dispositivo, ben sexa unha cámara ou un móbil.
5. **Requisitos técnicos.** As fotografías deben ser tomadas en formato dixital e estar en alta resolución. Aceptaranse tanto fotografías a cor como en branco e negro.
6. **Envío de fotografías.** Débense enviar por correo electrónico a [mocidade@allariz.gal](mailto:mocidade@allariz.gal), xunto co nome completo da persoa participante, o título de fotografía, unha breve descrición de cada unha delas e o lugar onde foron tomadas.
7. **Xurado e selección de gañadores.** o público será o encargado de seleccionar as fotos finalistas e a respectiva gañadora. En canto se peche a recepción de fotografías, a organización do concurso realizará a publicación do sistema de votación do mesmo, así como do prazo para poder realizar dita votación.
8. **Exhibición e dereitos de autor.** As fotografías presentadas serán compartidas para a súa votación, e poderán ser utilizadas para fines promocionais do concurso e outras actividades relacionadas co Concello de Allariz. As persoas participantes conservarán todos os dereitos de autor das súas fotografías.

9. **Aceptación das bases.** A participación no concurso implica a aceptación de todas as bases establecidas. Calquera incumprimento das mesmas podería resultar na descualificación do/a participante.

Rúa da Liberdade, 32660 Allariz - Ourense

Teléfono 988 680 434 - 988 442 107

Correo electrónico: [mocidade@allariz.gal](mailto:mocidade@allariz.gal)